

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Avocación de competencias e outras medidas organizativas polo estado de alarma

Avocación competencias e outras medidas organizativas polo estado de alarma

Con data 24 de marzo de 2020, por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 344/2020, do 24 de marzo, que deseguido se transcribe íntegramente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Asunto. Avocación de competencias da Xunta de Goberno e outras medidas organizativas polo estado de alarma

Expediente. 2019/X999/000303

Visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID -19, publicado no BOE núm. 67 do 14 de marzo, e a súa modificación operada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, por el que se modifica el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, publicado no BOE núm. 73 do 18 de marzo; de conformidade coas competencias establecidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e debido ás circunstancias excepcionais provocadas pola crise do coronavirus, **RESOLVO:**

Primeiro.- En aplicación do establecido no artigo 10 da Lei 40/2015 e para os efectos de facilitar a actividade municipal sen menoscabo do exercicio das competencias correspondentes, suspéndense as xuntanzas ordinarias da Xunta de Goberno Local e avoco as competencias que lle tiña delegadas por Resolución 771/2019, do 21, de xuño, publicada no BOP núm. 121 do 28 de xuño.

Segundo.- Suspender o Pleno ordinario correspondente ao día 26 de marzo de 2020, que se celebrará unha vez se levanten as medidas extraordinarias contidas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma ou as súas prórrogas. A convocatoria do Pleno ordinario farase previa consulta cos grupos políticos municipais.

Terceiro.- Os servizos municipais rexeranse polas Instrucións ditadas por esta alcaldía núm.2/2020 e núm. 3/2020, publicadas no Portal de Transparencia municipal, así como por calquera outra que se lle transmita polo correo corporativo.

Cuarto.- A presente resolución será efectiva dende o día seguinte da súa data de sinatura e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre con posterioridade á mesma e será notificada aos membros da Xunta de Goberno Local, consonte co previsto no artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

Bergondo, 26 de marzo de 2020

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2020/2262